

# AXUDAS CONTRATACIÓN PERSOAS DESEMPREGADAS NA EMPRESA ORDINARIA Fin solicitude 30/09/2021

## TR342A - Programa de emprego con apoio

### Programa II: Emprego con apoio

Actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, persoas preparadoras laborais especializadas ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, con especiais dificultades de inserción laboral e que realizan a súa actividade en empresas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores e traballadoras que desempeñan postos de iguais características.

**Obxecto:** Subvencionar as entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio.

## TR342C - Programa de incentivos á contratación por conta allea e á formación.

### Programa I: Incentivos á contratación por conta allea e á formación

**Inclúe catro tipos de axudas compatibles:**

- 1 e 2. Incentivos á contratación indefinida inicial ou contratación temporal, para a contratación indefinida inicial de persoas mozas, mulleres, persoas desempregadas de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
3. Incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos só no caso das persoas mozas, mulleres e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
4. Incentivos á formación (opcional), dirixido ás persoas contratadas mediante contratación indefinida inicial e temporal por medio desta orde.

### **A quen vai dirixido?**

1. As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro.
2. Os centros especiais de emprego.
3. As empresas do mercado ordinario de traballo.

**Máis información:** Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña Teléfono: 881881584/ 881881586

Email: [axudascontratacionallea.traballo@xunta.gal](mailto:axudascontratacionallea.traballo@xunta.gal)

*Orde do 14 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº 141 do 26 de xullo de 2021).*